



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 180 · Sábado, 7 agosto 2021

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

IV. ENTIDADES LOCAIS

Pereiro de Aguiar (O)

Convocatoria e bases reguladoras das axudas económicas para responder ao impacto provocado pola Covid-19 na hostalaría do concello do Pereiro de Aguiar (Reactiva Pereiro II)..... 2

Sarreaus

Convocatoria e bases de selección para a contratación laboral temporal de dous peóns forestais..... 16

IV. ENTIDADES LOCALES

Pereiro de Aguiar (O)

Convocatoria y bases reguladoras de las ayudas económicas para responder al impacto provocado por la Covid-19 en la hostelería del Ayuntamiento de O Pereiro de Aguiar (Reactiva Pereiro II)..... 9

Sarreaus

Convocatoria y bases de selección para la contratación laboral temporal de dos peones forestales..... 16



IV. ENTIDADES LOCAIS

IV. ENTIDADES LOCALES

O Pereiro de Aguiar

Aprobación das bases reguladoras das axudas económicas para responder ao impacto provocado pola Covid-19 na hostalaría do concello do Pereiro de Aguiar (Reactiva Pereiro II):

De conformidade co previsto nos artigos 17.3. b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/575938>).

A Xunta de Goberno Local deste Concello do Pereiro de Aguiar acordou, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 16 de xullo de 2021, aprobar as bases reguladoras da convocatoria de axudas económicas para responder ao impacto provocado polo Covid-19 na hostalería do concello do Pereiro de Aguiar, co seguinte contido:

“Bases reguladoras das axudas económicas para responder ao impacto provocado pola Covid-19 na hostalaría do concello do Pereiro de Aguiar (Reactiva Pereiro II):

Antecedentes

O brote de coronavirus COVID-19 xerou circunstancias extraordinarias e graves que provocan unha crise sanitaria de enorme magnitude que afectou e segue afectando aos cidadáns e familias con consecuencias sanitarias, sociais e económicas excepcionais, que requiren a adopción de medidas extraordinarias co fin de axudar a mitígalas.

O papel dos concellos na crise económica e de emprego que estamos a vivir é fundamental, xa que tanto as administracións do Estado como as da Autonomía proporcionan recursos de carácter máis xeral, polo que son os concellos quen poden ensamblar e adaptar á súa realidade local particular, exercendo as súas competencias en materia de desenvolvemento económico local e de emprego, mediante o deseño dunha estratexia de promoción económica capaz de identificar e valorizar os recursos e proceder á adaptación dos diferentes programas ás necesidades locais.

O papel que cumpren as entidades locais de apoio ao desenvolvemento local e ao emprego, lonxe de invadir competencias ou producir algunha duplicidade, fan posible tamén a efectividade da dimensión local deste, como complementaria á exercida por outras administracións, e que apunta tanto á Lei nacional de emprego (art. 4, RDL 3/2015), como á Comisión Europea que, no seu documento de actuación local en favor do emprego para unha estratexia europea do emprego, define o ámbito local como aquel nivel que permite detectar as necesidades locais non satisfeitas, polo que lonxe de ser un ámbito no que unicamente se poñan en práctica decisións adoptadas noutros ámbitos, pode combinar diferentes instrumentos e desenvolver formas de dar valor engadido ás decisións tomadas en niveis superiores, acadando un máis axeitado nivel de precisión en cada territorio.

A evolución da situación epidemiolóxica derivada da Covid-19 na Comunidade Autónoma de Galicia creou un novo escenario social e político que implicou e implica a adopción de medidas de prevención específicas por parte dos diferentes gobernos. Esta medida vai acompañada dunha liña de axudas que se concederán en réxime de concorrencia non competitiva aos traballadores autónomos e empresarios que exerzan actividade económica como cafeterías, bares, restaurantes, salóns de banquetes e establecementos de restauración no concello do Pereiro de Aguiar, e que estarán destinadas a minimizar o impacto económico ocasionado polo peche acordado para este sector pola Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do Covid-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 223-bis, 4 de novembro de 2020- anexo III), ou polas restricións aplicadas pola Orde do 25 de febreiro de 2021, pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e pola Orde do 21 de maio de 2021 pola que se prorroga a eficacia e modifícase a Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da Covid-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, e modifícase a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalería segura da Comunidade Autónoma de Galicia, e estarán reguladas polas seguintes bases:

Primeira. Normativa aplicable

1.- O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia non competitiva, previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Sen prexuízo das especificacións establecidas nestas bases, serán de aplicación ao procedemento e ás subvencións que constitúen o seu obxecto as disposicións vixentes aplicables ao Concello do Pereiro de Aguiar, integradas pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento; pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e as bases de execución do orzamento municipal, así como a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

2.- A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como ao de eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Segundo. Obxecto das axudas

O obxecto desta convocatoria é paliar e actuar de maneira inmediata ante o impacto económico que tivo a crise sanitaria derivada da Covid-19 nos establecementos de cafeterías, bares, restaurantes, salóns de banquetes e establecementos de restauración do concello do Pereiro de Aguiar, e impulsar a actividade económica no termo municipal, outorgando axudas para paliar as perdas económicas a este colectivo afectado máis directamente. Estas buscan facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais, axudar ao mantemento da actividade e así acadar a debida protección do emprego.

Terceiro. Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarios destas axudas os traballadores autónomos e empresarios que exerzan a súa actividade económica como cafés-bares e restaurantes do concello do Pereiro de Aguiar que se visen afectados pola crise derivada da Covid19 e que tivesen que proceder ao peche dos seus negocios ou resultasen afectados polas restricións.

Para estes efectos consideraranse beneficiarios as persoas físicas que sexan titulares de cafeterías, bares, restaurantes, salóns de banquetes e establecementos de restauración no concello do Pereiro de Aguiar e que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ser traballadores autónomos, incluídos no réxime especial de traballadores autónomos. Entenderanse incluídos todos os traballadores aos que se refire o artigo 1 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, coa excepción dos autónomos colaboradores (cónxuxe ou familiares ata o segundo grado de consanguinidade, afinidade ou adopción que convivan co traballador autónomo titular da actividade económica, realicen traballos retribuídos e non teñan a consideración de traballadores por conta allea),
- b) Atoparse de alta no correspondente réxime de Seguridade Social
- c) Recibo do lixto do ano en curso que demostre que o local está activo.
- d) Ter cesado a súa actividade conforme co disposto pola Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do Covid-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 223-bis, 4 de novembro de 2020- anexo III), ou resultar afectado por restricións pola Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e pola Orde do 21 de maio de 2021 pola que se prorroga a eficacia e se modifica a Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da Covid-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma, establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, e modifícase a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalería segura da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Contar co preceptivo título habilitante outorgado por este Concello do Pereiro de Aguiar para o exercicio da referida actividade, así como das correspondentes autorizacións dos organismos sectoriais, de ser o caso.

Para estes efectos consideraranse beneficiarios as persoas xurídicas que sexan titulares de cafeterías, bares, restaurantes, salóns de banquetes e establecementos de restauración no concello do Pereiro de Aguiar e que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ser sociedades legalmente constituídas.
- b) Recibo do lixto do ano en curso que demostre que o local está activo a nome da sociedade.
- c) Contar co preceptivo título habilitante outorgado por este Concello do Pereiro de Aguiar para o exercicio da referida actividade, así como das correspondentes autorizacións dos organismos sectoriais, de ser o caso.

Cuarto. Disponibilidade orzamentaria

Para o financiamento das subvencións obxecto desta convocatoria existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 231.479.09 ata un máximo de 5.700,00 € (euros).

Este orzamento poderá ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento deste programa.

Quinto. Contía da axuda

A axuda á que poderán acceder as persoas solicitantes que cumpran os requisitos establecidos nesta convocatoria consistirá nun importe económico variable correspondente ao 50 % dos gastos do establecemento resultantes durante o ano 2020 (tributos municipais, IBI, auga e lixo), cun tope máximo de 1.500 € por solicitante.

Estas deberán solicitarse no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no BOP de Ourense.

Sexto. Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación

1.- As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello do Pereiro de Aguiar ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (norma vixente, conforme co establecido na disposición final 7ª da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

A presentación poderá realizarse de modo presencial ou telemático, neste último caso a través da sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar (<https://concellopereiro.sedelectronica.gal/info.0>) utilizando o trámite de solicitude de instancia xeral dispoñible na sede. Para a presentación de solicitude por medios electrónicos, é necesario dispoñer dos certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica.



Para a presentación de solicitude por medios electrónicos, é necesario dispoñer dos certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica.

2. O prazo de presentación será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

3.- Estas bases, xunto co modelo de solicitude normalizado para a obtención das axudas reguladas nesta convocatoria estará dispoñible na web municipal www.concellopereiro.com

4.- A presentación da solicitude de axuda fóra do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión da solicitude.

5. Coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Formulario normalizado, que se porá a disposición dos interesados na web do Concello do Pereiro de Aguiar. O formulario incluírá unha declaración responsable de non incorrer nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituíndo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os interesados deberán indicar no formulario un enderezo de correo electrónico de contacto para a posta a disposición das notificacións electrónicas que se practiquen no procedemento. En defecto do dito enderezo de correo electrónico, as notificacións practicaranse en todo caso na sede electrónica do concello, sen que a falla de remisión do aviso da posta a disposición da dita notificación impida que esta desprenda os seus efectos.
- b) Copia da liquidación de Facenda do último trimestre, para comprobación de negocio en activo.
- c) Certificación actualizada de situación censual, expedida pola Axencia Estatal Tributaria con posterioridade á 31 de maio de 2021, na que se indique a actividade económica exercida e o domicilio da actividade económica, ou por este concello onde se exerce a actividade, no que se indique a actividade económica exercida e o domicilio desta. A certificación será ou do propio autónomo como persoa física ou da persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica a través da que se exerza a actividade e á que estea vinculado.
- d) Certificado de titularidade da conta corrente onde desexa que se realice o ingreso da subvención, expedido pola correspondente entidade de crédito.
- e) Copia do poder de representación do interesado, no caso de que a solicitude se formule a través de representante.
- f) Declaración responsable do peche do establecemento e do cumprimento dos requisitos para ser beneficiario da subvención.
- g) Copia da escritura de constitución da persoa xurídica, debidamente actualizada e inscrita no rexistro oficial correspondente.
- h) Copia dos recibos dos tributos municipais, (IBI, auga e lixo) correspondentes ao ano 2020.

7. A esixencia da documentación indicada xustifícase pola falla de dispoñibilidade de acceso a esta a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas.

De conformidade co establecido no artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello do Pereiro de Aguiar consultará de oficio, a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas, a documentación acreditativa das seguintes circunstancias dos interesados:

- Identidade da persoa física solicitante ou do seu representante.

Non obstante o anterior, no suposto no que os interesados se opoñan expresamente á dita consulta deberán achegar a seguinte documentación:

- DNI, NIE ou documento que o substitúa da persoa física solicitante ou do seu representante.

Igualmente, no suposto no que por razóns técnicas resultase imposible a consulta de datos nas plataformas de intermediación, o concello poderá requirir aos interesados a presentación dos documentos correspondentes.

8. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información para a presentación da solicitude, as persoas interesadas poderán dirixirse ao concello mediante correo electrónico dirixido a reactiva@pereiro.gal, indicando a consulta que se formula e un teléfono de contacto. Esta posibilidade estará dispoñible durante o prazo de presentación de solicitudes.

Do mesmo xeito, poderá solicitárselles aos servizos técnicos municipais informe que certifique o peche do establecemento durante o período estipulado.

Sétimo. Tramitación e xestión das solicitudes e concesión de axudas

1.- Sen prexuízo da posibilidade da presentación das solicitudes de modo presencial, a súa tramitación será exclusivamente electrónica, de conformidade co disposto no artigo 14.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación co disposto no artigo 7.2 c) da Ordenanza reguladora do acceso electrónico aos servizos públicos (BOP nº 299, do 31 de decembro de 2010).

En consecuencia, todas as notificacións que se practiquen no procedemento, realizaranse de forma electrónica na sede electrónica do concello. En defecto do dito enderezo de correo electrónico, as notificacións practicaranse en todo caso na sede electrónica do concello, sen que a falla de remisión do aviso da posta a disposición da dita notificación impida que esta desprenda os seus efectos.

2.- Unha vez recibidas as solicitudes, os servizos administrativos do Concello do Pereiro de Aguiar, procederán ao seu estudo, tramitándose nos seguintes termos:

- a) No caso de que a documentación presentada estivese incompleta, ou cando o interesado se opuxese expresamente á consulta dos seus datos nas plataformas de intermediación de datos das administracións públicas, o concello remitiralles mediante notificación electrónica un requirimento de emenda de deficiencias, concedendo un prazo de dez días hábiles para a presentación da documentación ou emenda de erros que proceda.
- b) No caso de que a documentación presentada estivese completa, formularase proposta de resolución de concesión ou denegación da subvención, da que se dará traslado á Alcaldía, que resolverá o que proceda, concedendo a subvención no caso de que cumpra os requisitos establecidos ou denegándoa en caso contrario.

A resolución que se dite notificarase de forma electrónica aos interesados. No caso de que a resolución conceda a subvención, esta incluírá a orde de pagamento ao beneficiario.

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderase formular, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro. Non poderán simultanearse ambos os dous recursos.

Oitavo. Xustificación da axuda

En atención ao previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, toda vez que a concesión da subvención está motivada pola concorrencia no solicitante da situación definida na base 3ª, as subvencións entenderanse xustificadas polo acto da concesión.

Sen prexuízo do anterior, a Intervención do Concello poderá realizar controis financeiros das subvencións pagadas e concedidas, de conformidade co establecido no título III da Lei xeral de subvencións. Agás no caso de que as actuacións de control financeiro se estendan á totalidade dos beneficiarios, a súa realización levarase a cabo sobre unha mostra de beneficiarios determinada de xeito aleatorio, debendo quedar constancia no expediente do procedemento seguido para a súa determinación.

Se no procedemento de control financeiro se advertise a existencia de causas legais de reintegro previstas na Lei xeral de subvencións, o concello iniciará de oficio os expedientes correspondentes, dentro do prazo de prescrición da acción de reintegro.

Noveno. Obrigas dos beneficiarios

Son obrigas dos beneficiarios:

1ª) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola lexislación vixente en materia de subvencións.

2ª) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados nos artigos 36 e 37 da Lei xeral de subvencións, e en particular, por obter do Concello do Pereiro de Aguiar unha subvención falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que a tivesen impedido, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro.

Décimo. Compatibilidade

A percepción desta axuda será compatible con calquera outra axuda concedida polo Estado, pola Comunidade Autónoma de Galicia, pola Deputación Provincial de Ourense ou por calquera outra administración pública diferente ao Concello do Pereiro de Aguiar.

Décimo primeiro. Normativa supletoria.

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación á convocatoria e ás subvencións que se conceden ao seu abeiro, o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os seus regulamentos de desenvolvemento no que sexa de aplicación á Administración local, así como a lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo.

Décimo segundo. Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude.

1.- O tratamento polo concello dos datos persoais achegados polos solicitantes baséase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.



En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos ao concello determinará a exclusión da persoa interesada do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

- a) A responsabilidade do tratamento dos datos é do Concello do Pereiro de Aguiar, cuxo representante legal é o seu alcalde, don Luis Menor Pérez, con domicilio para os efectos de notificacións na praza do Concello, nº 1, 32710, no Pereiro de Aguiar (Ourense), teléfono de contacto 988 259 385 e correo electrónico: info@concellopereiro.com.
- b) O delegado de protección de datos é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. co que poderá contactar en concello.pereirodeaguiar@eidolocal.es.
- c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiaria. En cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación na Base de Datos Nacional de Subvencións e no portal de transparencia do Concello do Pereiro de Aguiar.

Non obstante o anterior, e de conformidade co establecido no artigo 20.8.b) da Lei xeral de subvencións, non serán obxecto de publicación os datos persoais dos beneficiarios, que unicamente se cederán a terceiros nos supostos previstos no apartado e) desta base, se é necesario para a satisfacción do interese lexítimo seguido polo responsable do tratamento o polo terceiro ao que se comuniquen os datos, sempre que non prevaleza o dereito do interesado de acordo coa normativa de protección de datos.

Para estes efectos, na publicación cada subvención concedida identificarase exclusivamente polo número de rexistro de entrada da solicitude correspondente. As publicacións referidas manterase durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio polo concello ou ben por solicitude das persoas interesadas, dirixida ao responsable do tratamento.

- d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para a acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e a valoración das solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida con esta convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).
- e) Os datos subministrados ao concello serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Sen prexuízo do anterior, os datos subministrados polo solicitante poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- a) A membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.
- b) Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, tras o expediente contradictorio previo con audiencia do/a interesada/o titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.
- f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.
- g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos do concello de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme co disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.
- h) As persoas interesadas poderán solicitar en todo momento da Alcaldía do concello o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nestas bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Alcaldía do Concello. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados ao Concello neste procedemento.

- i) En todo caso, as/os interesadas/os poderán formular as reclamacións que considere oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.
- j) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

O alcalde. Asdo.: Luis Menor Pérez.



Modelo oficial de instancia de solicitude
Plan reactiva II

Axudas ao impulso da actividade económica no termo municipal do Pereiro de Aguiar para paliar os efectos da Covid-19

Formulario de solicitude das axudas económicas para responder ao impacto provocado pola Covid-19
na hostaleira do Concello do Pereiro de Aguiar

Solicitante:

Nome e apelidos do solicitante: _____ DNI/NIE: _____

Domicilio: _____

Correo electrónico: _____ Teléfono móbil: _____ Teléfono fixo: _____

Representante (no seu caso):

Nome e apelidos do representante: _____ DNI/NIE: _____

Domicilio: _____

Correo electrónico: _____ Teléfono móbil: _____ Teléfono fixo: _____

Datos da actividade económica exercida:

Domicilio da actividade: _____

Descrición da actividade: _____

Expón:

1. Que exerce unha actividade económica como cafetería, bar, restaurante, salón de banquetes e establecemento de restauración no concello do Pereiro de Aguiar, e que conforme ao disposto na Orden do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da Covid-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 223-bis, 4 de novembro de 2020- anexo III) tivo que proceder ao peche do seu negocio ou resultou afectados polas restricións, pola Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e pola Orde do 21 de maio de 2021 pola que se prorroga a eficacia e modifícase a Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da Covid-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, e modifícase a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalería segura da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Que cumpre os requisitos previstos para a obtención de subvencións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, achándose ao corrente das súas obrigacións tributarias e de Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención, así como a acreditarlo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano concedinte da subvención.



3. Que se compromete ao cumprimento das obrigacións que como beneficiario da subvención establecen as bases reguladoras, en particular ao sometemento ás actuacións de control financeiro que poida acordar o Concello do Pereiro de Aguiar.

Solicita: a concesión da axuda prevista nas bases reguladoras da convocatoria aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello do Pereiro de Aguiar, do 16 de xullo de 2021.

Documentación que achega:

- 1 Copia da liquidación de Facenda do último trimestre, para a comprobación de negocio en activo.
- 2 Certificación actualizada de situación censual, expedida pola Axencia Estatal Tributaria con posterioridade ao 31 de maio de 2021, na que se indique a actividade económica exercida e o domicilio da actividade económica, ou por este concello onde se exerce a actividade, no que se indique a actividade económica exercida e o domicilio desta. A certificación será ou do propio autónomo como persoa física ou da persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica a través da que se exerza a actividade e á que estea vinculado.
- 3 Certificado de titularidade da conta corrente onde desexa que se realice o ingreso da subvención, expedido pola correspondente entidade de crédito.
- 4 Copia do poder de representación do interesado, no caso de que a solicitude se formule a través de representante.
- 5 Declaración responsable de peche do establecemento e de cumprimento dos requisitos para ser beneficiario da axuda.
- 6 Copia da escritura de constitución da persoa xurídica, debidamente actualizada e inscrita no rexistro oficial correspondente.
- 7 Copia dos recibos dos tributos municipais, (IBI, auga e lixo) correspondentes ao ano 2020.
- 8 Escrito de oposición expresa á consulta dos seus datos de identidade ou dos do representante a través das plataformas de intermediación electrónica das administracións públicas (opcional).
- 9 Copia do DNI do solicitante e do seu representante (opcional, para o caso de formular oposición á consulta de datos de identidade).

Firma (só no caso de que se presente de forma presencial)”

Dando cumprimento ao referido acordo, procédese á publicación íntegra destas bases para xeral coñecemento mediante anuncios na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar e, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Advírtese de que contra este acordo se poden interpoñer os seguintes recursos:

En caso de particulares, pódese interpoñer, potestativamente, un recurso de reposición ante o alcalde deste concello, no prazo dun mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, sen que se poidan compaxinar ambos os dous recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP no caso de administracións públicas, pódese interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense. Ademais, ao abeiro do disposto no artigo 44 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá formularse requirimento de anulación ou revogación do acto, no prazo de dous meses e con carácter previo ao exercicio de accións en vía contenciosa. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, tendo en conta que o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo, -no caso de que se formule o requirimento previo-, contará desde o día seguinte a aquel no que se reciba a comunicación do acordo expreso sobre o dito requirimento ou se entenda presuntamente rexeitado. Non obstante o anterior, poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime pertinente.

O alcalde. Este documento está asinado electronicamente.

Aprobación de las bases reguladoras de ayudas económicas para responder al impacto provocado por la Covid-19 en la hostelería del ayuntamiento de O Pereiro de Aguiar (Reactiva Pereiro II):

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3. b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/575938>).

La Junta de Gobierno Local de este Ayuntamiento de O Pereiro de Aguiar acordó, en la sesión ordinaria que tuvo lugar el día 16 de julio de 2021, aprobar las bases reguladoras de la convocatoria de ayudas económicas para responder al impacto provocado por la Covid-19 en la hostelería del ayuntamiento de O Pereiro de Aguiar, con el siguiente contenido:

“Bases reguladoras de las ayudas económicas para responder al impacto provocado por la Covid19 en la hostelería del Ayuntamiento de O Pereiro de Aguiar (Reactiva Pereiro II):

Antecedentes

El brote de coronavirus Covid-19 generó circunstancias extraordinarias y graves que provocaron una crisis sanitaria de enorme magnitud que afectó y sigue afectando a los ciudadanos y familias con consecuencias sanitarias, sociales y económicas excepcionales, que requieren la adopción de medidas extraordinarias con el fin de ayudar a mitigarlas.

El papel de los ayuntamientos en la crisis económica y de empleo que estamos viviendo es fundamental, ya que tanto las administraciones del Estado como de la Autonomía proporcionan recursos de carácter más general, por lo que son los ayuntamientos quienes pueden ensamblar y adaptar a su realidad local particular, ejerciendo sus competencias en materia de desarrollo económico local y de empleo mediante el diseño de una estrategia de promoción económica capaz de identificar y valorizar los recursos y proceder a la adaptación de los diferentes programas a las necesidades locales.

El papel que cumplen las entidades locales de apoyo al desarrollo local y al empleo, lejos de invadir competencias o producir alguna duplicidad, hacen posible también la efectividad de la dimensión local del mismo, como complementaria a la ejercida por otras administraciones, y que apunta tanto a la Ley nacional de Empleo (art. 4, RDL 3/2015), como a la Comisión Europea que, en su documento de actuación local a favor del empleo para una estrategia europea del empleo, define el ámbito local como aquel nivel que permite detectar las necesidades locales no satisfechas, por lo que lejos de ser un ámbito en el que únicamente se pongan en práctica decisiones adoptadas en otros ámbitos, puede combinar diferentes instrumentos y desarrollar formas de dar valor añadido a las decisiones tomadas en niveles superiores, alcanzando un nivel más adecuado de precisión en cada territorio.

La evolución de la situación epidemiológica derivada de la Covid19 en la Comunidad Autónoma de Galicia creó un nuevo escenario social y político que implicó e implica la adopción de medidas de prevención específicas por parte de los diferentes gobiernos.

